

5 ANOS RECLAMANDO



A SUPRESIÓN DA PEAXE

1998 - 2003

■ Cinco anos
reclamando

■ Non tiramos
a toalla

■ SOLICITEMOS O BONO-PEAXE

■ A Área metropolitana
de Vigo-O Morrazo

■ A rexión urbana de
Vigo-Pontevedra

■ Cadro de tarifas

■ Ao Sr. Rajoy
acábaselle o prazo



BOLETÍN INFORMATIVO

NOVEMBRO 2003

PLATAFORMA CIDADÁ
POLA SUPRESIÓN DA PEAXE

Edición para distribuir nas comarcas de Vigo, Pontevedra e O Morrazo

5 ANOS DE PLATAFORMA

1998 - 2003

Parece que foi onte cando unha morea de asociacións das comarcas do Morrazo, Vigo e Pontevedra nos xuntamos para reclamar a fin dunha inxustiza social, para pedir a supresión do pago polo uso da Ponte de Rande.

Centos de reunións, entrevistas, xestións ao máximo nivel, protestas pacíficas pagando en pesetas, caravanas, manifestacións, marchas a pé... e tamén multas, denuncias, detencións..., recursos ante os Tribunais Supremo e Constitucional, xulgados de Cangas, Moaña, etc.

Milleiros de carteis, pegatinas, discos, cassettes, pancartas, boletíns informativos...

¿Que conseguimos? Nada máis e nada menos que demostrar masivamente que non había alternativa á Ponte de Rande, que pagar peaxe despois de 22 anos era inxusto e que esas cabinas deberían pasar á historia.



NON TIRAMOS A TOALLA

Agora que temos media batalla ganada, non podemos, nin debemos, nin queremos abandonar porque "AS BATALLAS QUE SE GANAN SON AS QUE NUNCA SE ABANDONAN".

A Xunta recoñeceu oficialmente que tiñamos razón unha e outra vez. O Ministerio de Fomento dirixido polo Sr. Cascos é un óso máis duro de roer, pero coa forza de todos caerá da burra.

Agardamos o apoio dos empresarios que quedaron fóra dos beneficios do bono-peaxe e tamén dos novos concellos para que lle dean un impulso institucional a esta xusta demanda do sur de Galicia.

Agardamos tamén que o Tribunal Supremo resolva a favor dos usuarios e non do goberno o recurso que lle plantexamos no ano 2000 porque xa vai sendo hora...

SOLICITEMOS O BONO-PEAXE

Coas melloras introducidas na "tarxeta", coa experiencia que dá o tempo de uso, coas ventaxas e, a pesar dos inconvenientes que ten este bono-peaxe implantado pola Xunta para parchear esta situación, **A PLATAFORMA recomenda a tódolos usuarios que soliciten o bono-peaxe no seu concello para non ter que pagar máis na entrada e saída do Morrazo cara a Vigo.**

O actual sistema permite pasar sen pagar desde 1 ata 80 viaxes cada mes e dentro de pouco non habrá que parar nas cabinas para entregar a tarxeta senón que será adaptada á vía da peaxe dinámica ou telepeaxe. Para ter o aparatiño "OBE" que permite pasar sen parar hai que solicitalo en Caixanova. Nós, como Plataforma pedímoslle á Xunta que o entreguen gratuitamente.

Tamén pedimos outras melloras para que se poida solicitar durante todo o ano e que teña unha validez de dous anos, que se renove automaticamente sen facer tanto papeleo, etc. etc.

É certo que existe unha repercusión negativa na declaración da renda se se inclúe a subvención, pero sempre son máis as ventaxas que os inconvenientes.

Mentres non supriman totalmente a peaxe **TODOS DEBEMOS APUNTARNOS A ESTE SISTEMA DE PEDIR AS TARXETAS NOS CONCELLOS OU O "OBE".**

Documentación:

- Fotocopia DNI
- Certificado da entidade bancaria do nº de conta
- Copia do último recibo do imposto de circulación
- Cubrir a solicitude que facilitan no concello
- Certificado de empadramento.

Por último, tamén sabemos que o bono-peaxe non resolve o problema dos usuarios do tramo Vigo-Pontevedra que cruzan a Ponte de Rande. A eles obrígaselle a saír na peaxe do Morrazo e volver a entrar para que o bono-peaxe lle funcione.

A ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

Todos sabemos que non se concibe estar incluídos na Área Metropolitana de Vigo e que se nos obrigue a “pagar tódolos días” por cruzar a Ponte de Rande para a utilización dos servizos (sanidade, ensino, traballo, etc.)

Agora que se vai intentar potenciar o transporte público de AUTOBÚS e BARCO cun billete único hai que utilizar a fórmula de eliminar a peaxe definitivamente para abaratar o billete ordinario do autobús e favorecer aos usuarios.

Imos ver se o conselleiro de Política Territorial e os alcaldes da Área Metropolitana están ao loro e conseguen levantar esas barreiras.

A REXIÓN URBANA DE VIGO-O MORRAZO-PONTEVEDRA

Pola contra mantéñense incomprensiblemente unhas tarifas carísimas en comparación con outras e seguimos reclamando que se reduzan nun 50%.

Outro dos aspectos negativos neste tramo é o grande número de accidentes, especialmente nas proximidades e na propia Ponte de Rande. Non hai arcéns, nos días de chuvia acumúlase auga e se temos que circular por unha vía a menos de 80 km/h, sen boa iluminación, cun firme esvaradizo, en caravana, etc. nunhas condicións lamentables eso xa non é merecente de chamarse autoestrada e a peaxe debería desaparecer por decreto.

CADRO DE TARIFAS 2003

ITINERARIOS	Tarifa €	Km.	€/ Km.	Ptas./Km.
Vigo - Pontevedra	2,44	22	0,11	18,4
O Morrazo - Vigo	0,73	4	0,18	30,3
O Morrazo - Pontevedra	1,74	15	0,12	19,3
Chapela - Vigo	0,59	2	0,30	49
Pontevedra - Santiago	3,62	60	0,06	10
Santiago - A Coruña	4,22	70	0,06	10
Vigo - Baiona	1,17	25	0,05	7,7
Jerez - Cádiz	1,00	27	0,04	6,1

* Tarifa para vehículos lixeiros.



AO SR. RAJOY ACÁBASELLE O PRAZO

“Yo le puedo asegurar que en la próxima legislatura no habrá peaje en Rande; pero no es fácil, eh... España va mejorando poco a poco”.

Palabras pronunciadas en Vigo, acompañado pola actual ministra de Sanidade Ana Pastor tal como se pode ver na prensa do día 6 de febreiro de 2000.

Da credibilidade do Sr. Rajoy falaremos pouco antes das próximas eleccións xerais. Aquí limitámonos, unha vez máis, a recoller o seu compromiso coa provincia pola que foi elixido deputado. A lexislatura estase acabando e el vai ser o candidato a presidente do goberno.

Poucos días lle quedan, Sr. Rajoy, para cumprir a súa palabra. Palabra que está gravada e que se pode escoitar na nosa páxina web en internet: www.randeune.com

A nós non nos valen outros contos que nos poida contar como nos dixo en Vigo persoalmente

“Si lo dije, pues lo habré dicho... pero si lo que dije no fuese cierto lo desmentiría... en cualquier caso, en fin,... que yo sé que ustedes tienen razón y que es verdad que no hay otra alternativa al Puente de Rande... bla, bla, bla...”

FARO DE VIGO

DIARIO DECANO DE LA PRENSA NACIONAL

Año 147. Núm. 52.089 (ISSN 1131-8163) Depósito Legal: PD-1519-58

Domingo, 6 de febrero de 2000

EDICIÓN DE VIGO

Director: Julio Puente

• Precio: 275 pesetas • En Portugal: 275 escudos

El ministro asegura que el Gobierno hará gratuito en la próxima legislatura el tramo Vigo-O Morrazo

Rajoy promete eliminar el peaje en Rande si el PP gana las elecciones

- El candidato del PP por Pontevedra ataca al PSOE por no haberlo rebajado cuando gobernó
- Touriño cree que el Gobierno planea la privatización de Audasa tras prorrogarle la concesión

El Gobierno suprimirá en la próxima legislatura el peaje entre Vigo y O Morrazo, en la Autopista del Atlántico, si el PP consigue ganar las elecciones, según el compromiso públicamente formulado ayer por el ministro de Educación y Cultura, y cabeza de lista del partido por Pontevedra, Mariano Rajoy.

Rajoy, que ayer presentó en Vigo las candidaturas provinciales del PP para las elecciones generales, defendió la rebaja de peajes aprobada el viernes como un paso hacia la gratuidad del tramo entre Vigo y O Morrazo. El candidato popular reprochó al PSOE sus críticas a las rebajas, “cuando no tomaron ninguna medida para cambiar las tarifas durante sus catorce años de gobierno”.

El líder del PSOE gallego, Emilio Pérez Touriño, dijo que la rebaja de los peajes es un “caramelo envenenado” y una disculpa para prorrogar la concesión a Audasa y poder privatizar la empresa concesionaria.



Páginas 22 y 23

Rajoy, flanqueado por Carlos Mantilla y Manuel Abeledo, en el acto electoral de ayer en Vigo.

DE ALCOS

Por último, a nós tampouco nos vale como solución definitiva autopagarnos a peaxe con cartos da Xunta e da Deputación a través do bono-peaxe, porque eses cartos deberían dedicarse a outras cousas e a competencia da AP-9 é do Ministerio de Fomento e non da Xunta de Galicia.

Seguimos traballando POLA SUPRESIÓN UNIVERSAL DA PEAXE NA PONTE DE RANDE

PARA TER MÁIS INFORMACIÓN ACUDE EN INTERNET Á PÁXINA DA PLATAFORMA
www.randeune.com

COLABORACIÓN ECONÓMICA: Se queres axudar á **Plataforma Cidadá pola supresión da Peaxe** fai a túa aportación na conta n.º 2080 0222 81 0040000590